

Páxina web do centro: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvite/>


Instagram : @escoladevite e @orientacion.vite1

## **ACTIVIDADES QUÉDATE**

A participación do alumnado no programa Quédate dentro dos CP Incluíu, foi pensada para facer unha campaña de fomento dos estudos básicos. Implicouse ao alumnado de todo o centro a través da participación na revista escolar VERMELLIÑA INFORMA. O resultado foi altamente positivo, pois puxo en valor os seus traballos escolares, nos que estiveron moi involucrados.

Tamén se crearon espazos no centro coa idea de xerar un ambiente físico de aprendizaxe grato, afectivamente significativo e estéticamente agradable, que permita ao alumnado sentirse cómodo e seguro para asistir a unha escola acolledora.

Quedou pendente a gravación dun corto coa temática do obradoiro, baseado na idea de: "se queres un futuro mellor, deixa teléfono e agárrate aos estudos".



## ACCIÓNS POLA IGUALDADE

Ao longo do curso 2022-23 realizáronse diversas accións en prol da igualdade de oportunidades e para rexeitar a violencia de xénero, pensadas para implicar a toda a comunidade educativa. As actividades estiveron enmarcadas nos CP IGUÁLA-T e foron a nosa aposta polo fomento da coeducación e o respecto cotiá, con mensaxes para acabar coa desigualdade e a violencia gratuita. Este tipo de accións que xa as vimos levando a cabo nos cursos anteriores, pois a escola é o sitio axeitado para promover a igualdade.

Realizamos distintas accións colaborativas e desenvolvemos medidas concretas para fomentar a igualdade, contempladas no Plan de Igualdade:

- 1ª semana de novembro, semana da ciencia, con distintas actividades, experimentos e charlas a cargo de científicas, onde intentamos que o alumnado vexa que tamén temos mulleres relevantes no mundo da ciencia.
- 25 N: Día Internacional contra a Violencia de Xénero, cun cartel de NÓS CONTRA Á VIOLENCIA DE XÉNERO, XUSTIZA E IGUALDADE. Tamén se escoitou e traballou nas aulas sobre a temática da canción "La puerta violeta" de ROZALÉN.





NÓS CONTRA Á  
VIOLENCIA DE  
XÉNERO, XUSTIZA E  
IGUALDADE

- 24 F: Día de Rosalía, co recitado e performance de poemas da autora na biblioteca por parte de todos os cursos de infantil e primaria, ensalzando a labor das mulleres ao longo dos tempos.
- 8 M: Día da Muller.
  - Estiveron a traballar nas aulas sobre mulleres que destacaron en algún aspecto.
  - As familias do noso centro colaboraron traendo una foto dunha muller importante para os seus fillos/as realizando unha tarefa ou traballo tanto dentro ou fora da casa e con todas elas, fixemos unha composición no corredor central.



[https://www.instagram.com/p/CpiGDettcTV/?img\\_index=1](https://www.instagram.com/p/CpiGDettcTV/?img_index=1)

- Preparamos unha montaxe en LSE e cantamos unha interpretación da canción de Rigoberta Bandini e Amaia, ASÍ BAILABA.
- Fixemos un xogo de adiviñas durante esa semana colgando carteis coa silueta e con actividades que as mulleres do noso centro realizamos. O cometido era que o alumnado adiviñase de quen se trataba e completar o maior número de acertos, para o Día da Muller poder descubrilas. Estes carteis colocáronse no mural da entrada.




- Actividade de pintado dun mural vivo no interior do colexio no segundo andar, co alumnado de 4º e 6º de primaria en colaboración coa organización SORORAS. A temática centrouse nunha XIGANTA (que bautizaron Lola) con imaxes e palabras para fomento da igualdade, con motivo do día da muller.




Podeses descargar o vídeo no seguinte enlace de weTransfer. <https://we.tl/t-57ub4tqRlw>

## CONVIVE-AULA MEDIACIÓN

Dese o curso 2022-23, o CEIPP de Vite conta cunha aula de Mediación. A posta en marcha do equipo de mediadores escolares, os "MINIMEDIADORES", é unha das propostas incluída nos CPI Incluído no apartado de Convive. Ao longo do curso o alumnado voluntario de 5º curso de primaria, participou nun programa de formación en mediación escolar para o fomento da convivencia e da resolución dos conflitos de xeito pacífico, a cargo de Asgamed. Este programa forma parte do Plan de Convivencia do centro, polo que vai ter continuidade para os vindeiros cursos. Os mediadores remataron o curso moi entusiasmados e déronse a coñecer á toda a comunidade educativa. O vindeiro curso van traballar tanto na prevención, detección, tratamento, seguimento e na xestión dos conflitos que xurdan no centro, como unha fonte de experiencia e de aprendizaxe para a vida.





<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvite/node/627>

As actuacións relacionadas coa CONVIVENCIA, desenvoltas co alumnado de 5º curso de primaria, estiveron relacionadas con:

- Actividades de EDUCACIÓN EN VALORES, co alumnado de 5º nivel A, onde se traballaron temas relacionados coa comunicación e a educación emocional, como a comunicación asertiva, a tolerancia, as palabras fermosas... Esta medida desenvolveuse en colaboración coa Fundación Meniños que nos facilitou o acceso online á Escola do Benquerer.



<https://fundacionmeninos.wordpress.com/2023/02/20/colexio-do-benquerer/>

-Actividades para a RESOLUCIÓN PACÍFICA DE CONFLICTOS, que se levou a cabo con alumnado voluntario dos cursos de 5º, que participaron tanto na formación e inicio da función de mediadores escolares, como tamén exerceron de dinamizadores de patio para facilitar a inclusión do alumnado con NEAE no tempo de lecer.




## AULA MULTISENSORIAL

O CEIPP de Vite conta cunha aula multisensorial dende o curso académico 2021-22, gracias ao apoio económico conseguido a través da participación nos CPIInclúe e da dotación da Xunta.

Este espazo MULTISENSORIAL seguiu equipándose neste curso e está destinada a todo o alumnado que necesite experiencias de relaxación, estimulación, comunicación, atención... e en especial, para alumnos e alumnas con NEE e problemas asociados que necesitan unha estimulación específica debido a súa pluridiscapacidade.

A aula conta con materiais e recursos adaptados para estimular os diferentes sentidos: visual, auditivo, táctil, propioceptivo...

Un ambiente diferente de traballo con multitude de posibilidades e pensado para os nosos rapaces e rapazas, tendo en conta que o alumndo usuario deste espazo presenta unhas características comúns: baixo nivel de autonomía debido a imposibilidades motoras, baixa capacidade comunicativa e alto tempo de resposta. Polo tanto as áreas de desenvolvemento nas que debemos centrarnos son: cognitiva, motora e social-comunicativa. <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvite/node/626>



## ACTIVIDADES EMOCIONATE

Os obradoiros de emocións están enmarcadas no programa de Benestar Emocional e foron incluídas nos CP Emocíonate, como complemento ás actividades desenvolvidas nas titorías como proxecto competencial. Estiveron guiadas por liñas metodolóxicas inclusivas e realizáronse actividades e xogos para potenciar as emocións positivas relacionadas coa autoestima e a empatía.

Leváronse a cabo uns obradoiros desenvolvidos por Asgamed, deron como froito uns contos viaxeiros coas emocións do golfinho "Arroás" como protagonista que foron elaborados de xeito colaborativo polo alumnado dos cursos participantes, de 1º a 3º de primaria.

